



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

BANDO

María J. Pose Rodríguez, Alcadesa do Concello de Santa Comba, fai saber a toda a veciñanza as novas recomendacións e restricións para os Concellos que se atopen no nivel medio-baixo:

Recomendacións:

Espazos pechados: máximo 6 persoas. Espazos abertos: máximo 15 persoas, agás conviventes.

Restricións:

-Hostalaría, restauración e furanchos: O horario de peche ao público será ás 1:00 horas sempre e cando se usen dispositivos medidores de CO₂. Non se poden admitir novos clientes a partir das 00.00 horas. As ceas por reserva, rexistro de clientes e CO₂ do local. Aforo na terraza:100% e no interior 50%. Só se poderá utilizar a barra para solicitar e recoller consumicións, pero non para realizar o consumo nela.

-Velatorios e enterros: 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes. Comitivas: Máximo 50 persoas, sexa ou non conviventes. Nos lugares de culto 75% da capacidade e garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros. Actuacións de coros: Garantir 3 metros entre estes e o público.

-Comercios e servizos: 75% capacidade. Establecer atención preferente a maiores de 75 anos.

-Albergues: 30% capacidade. Hoteles: zonas comúns (50% capacidade) para grupos de convivencia non estable. Para grupos de convivencia estable: Poderán manter a ocupación máxima das prazas.

-Academias, autoescolas, centros privados ensino non regrado e centros de formación: 75% da capacidade.

-Bibliotecas, arquivos, museos, salas de exposición etc, 75% capacidade. Actividades culturais nestes espazos: Máximo 20 persoas nas actividades de grupos + monitor.

-Competicións deportivas, cines, teatros, auditorios, congresos, eventos deportivos, campus, campamentos deportivos, etc público sentado, 1,5 m distancia, 75% capacidade; 500 persoas interior/1000 aire libre, fluxo xente, desinfección, ventilación, rexistro de asistentes.

-Actos e reunións laborais, institucionais, académicas ou profesionais: 75% da capacidade sempre que o público permaneza sentado, máximo 500 persoas lugares pechados/ 1.000 persoas aire libre.

-Turismo ao aire libre organizado por empresas: grupos máximos de 20+monitor.

-Actividades infanto-xuvenís e campamentos xuvenís: aire libre 70% participación, máx 125+monitores /espazos pechados máx. 50+monitores, grupos ata 10 persoas (excluídos monitores) non contacto entre grupos. Non actividades que requiran contacto físico. Ocupación en tendas de campaña: 50% capacidade.

-Lecer infantil: 75%, 1 monitor/10 participantes, máx. 15 rapaces/grupo no exterior/ max 6 rapaces/grupo interior. Non poderán interactuar grupos.

-Parques acuáticos: 50% de capacidade. Uso de duchas e lavapés: 1 persoa por dispositivo.

-Establecementos de lecer nocturno, discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas e concertos poderán desenvolver a súa actividade a partir do 1 de xullo. Servizo de terraza: 100% . Interior: 50%. Poderá consumirse sentado ou de pe, pero non na barra. Ocupación máxima será de 6 persoas no interior e 15 na terraza/mesa-s. Ocupación por usuario na pista de baile: 2 m²/usuario. O horario de peche será ás 3.00 horas. Uso de máscara obrigatorio, agás para comer e beber. Uso de dispositivos de CO₂ e rexistro de clientes.

-Os establecementos de arte dramática, música, danza poderán desenvolver a súa actividade con contacto físico.

-Centros sociocomunitarios, centros cívicos, de convivencia, sociais...50%, máximo 6 persoas + monitor.

-Os centros de día de maiores e persoas con discapacidade/ocupacionais e casas do maior están abertas.

-Poderanse realizar festas, verbenas e eventos populares sempre e cando as incidencias acumuladas a 7 e 14 días sexan o mesmo día do evento, menores a 75 e 150 casos por 100.000 habitantes.

-Praias, parques e zonas deportivas públicas ao aire libre: 1 persoa/3m2, grupos máximo 15 persoas.

-Actividade deportiva non federada: ao aire libre grupos máximo 15 persoas + monitor, sen contacto físico e con máscara// en centros pechados grupos 6 persoas+monitor, 75% capacidade, vestiarios 50% capacidade, ventilación frecuente// piscinas 75% capacidade. Deporte federado segundo protocolos.

Elimínase o uso obrigatorio de máscaras na vía pública e nos espazos ao aire libre, agás cando se produzan aglomeracións e non se poida manter unha distancia mínima de 1,5 metros de distancia entre persoas, salvo grupos de conviventes.

É obrigatorio o uso da máscara en espazos pechados de uso público ou que se atopen abertos ao público.

Tamén segue sendo obrigatorio o uso de máscara nos medios de transporte público, incluídos os andéns e estacións de viaxeiros.

Nos eventos multitudinarios ao aire libre, a máscara será obrigatoria cando os asistentes estén de pe ou se están sentados, cando non se poida manter 1,5 metros de distancia entre persoas, agás grupos de conviventes.

As obrigas anteriores non serán exixibles ás persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade para respirar, que poida verse agravada polo uso da máscara.

Santa Comba, 26 de xuño de 2021.

A Alcaldesa.

María J. Pose Rodríguez